

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 16 DE ABRIL DO 2025.**

ASISTENTES:

Presidente: MARIÑO DE BRICIO VICENTE	Interventor: BAO CASTRO PABLO
Membros que asisten: SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS	Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 13:30 do día Dezaseis de Abril do Dous mil vinte e cinco, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 10/04/2025

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202504/088

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 07/04/2025. DECRETO: "APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DA REDE DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN ARRIBAS"

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202504/090

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 07/04/2025. DECRETO: "APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE PLUVIAIS E PAVIMENTACIÓN NAS RÚAS REVOLTA E FONTESECA (CASTIÑEIRAS)"



4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202504/130

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 08/04/2025. DECRETO: “REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE OFERTAS INCURSAS EN PRESUNCIÓN DE ANORMALIDADE NA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO. TRES LOTES: (1) OBRADOIROS EDUCATIVOS DE IGUALDADE E DIVERSIDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS DE RIBEIRA, (2) PUNTOS VIOLETAS EN ESPAZOS FESTIVOS PARA A PREVENCIÓN E APOIO FRONTE A VIOLENCIA DE XÉNERO E SEXUAL, E (3) AXENTE DE IGUALDADE PARA COLABORAR NO DESENVOLVEMENTO DESTAS E OUTRAS ACCIÓNS POSTAS EN MARCHA POLO CIM”

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202504/178

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 09/04/2025. DECRETO: “ADJUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVICIOS TÉCNICOS DE REDACCIÓN DEL PROYECTO, ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD, DIRECCIÓN FACULTATIVA, COORDINACIÓN DE SEGURIDAD Y SALUD Y ASISTENCIA TÉCNICA PARA LA INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA EN EL POLIDEPORTIVO DE RAQUETA – NEXT GENERATION EU”

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202504/179

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 09/04/2025. DECRETO: “ADJUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVICIOS TÉCNICOS DE REDACCIÓN DEL PROYECTO, ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD, DIRECCIÓN FACULTATIVA, COORDINACIÓN DE SEGURIDAD Y SALUD Y ASISTENCIA TÉCNICA PARA LA INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA EN LA POLICÍA LOCAL – NEXT GENERATION EU”

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202504/180

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 09/04/2025. DECRETO: “ADJUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVICIOS TÉCNICOS DE REDACCIÓN DEL PROYECTO, ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD, DIRECCIÓN FACULTATIVA, COORDINACIÓN DE SEGURIDAD Y SALUD Y ASISTENCIA TÉCNICA PARA LA INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA EN LA OFICINA DE TURISMO– NEXT GENERATION EU”

8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202504/181

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 09/04/2025. DECRETO: “ADJUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVICIOS TÉCNICOS DE REDACCIÓN DEL PROYECTO, ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD, DIRECCIÓN



FACULTATIVA, COORDINACIÓN DE SEGURIDAD Y SALUD Y ASISTENCIA TÉCNICA PARA LA INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA EN EL CONSERVATORIO MUNICIPAL – NEXT GENERATION EU”

9.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202504/182

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 09/04/2025. DECRETO: “SUBSTITUCIÓN DO RESPONSABLE DO CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO “CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN DO VERÁN E NADAL CULTURAL NO CONCELLO DE RIBEIRA PARA DOUS ANOS (CORRESPONDENTES ÁS ANUALIDADES ORZAMENTARIAS 2022-2023-2024), PRORROGABLE POR DOUS PERÍODOS DE UN ANO CADA UN””

10.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202504/184

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 09/04/2025. DECRETO: “APROBACIÓN DEL PLAN DE GESTIÓN DE RESIDUOS DE LAS OBRAS “PUESTA EN VALOR DEL ENTORNO LITORAL DE LA AMEIXIDA”. PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA. FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU”

11.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202504/196

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 10/04/2025. DECRETO: “CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA LIÑA DE AUGA NA RÚA RÍO AZOR E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN”

12.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202504/201

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 10/04/2025. DECRETO: “ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE OBRAS DE “REHABILITACIÓN DEL CONSERVATORIO DE AGUIÑO” (PIREP 2) - REACT-UE NEXT GENERATION”. FINANCIADAS CON FONDOS DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA – FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)”

13.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202504/203

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 10/04/2025. DECRETO: “CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE VESTIARIOS DO CAMPO DE FÚTBOL DE OLEIROS”



14.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202504/204

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 10/04/2025. DECRETO: “APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO NOS MUÍÑOS”

15.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202504/209

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 10/04/2025. DECRETO: “APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN SUMINISTROS DENOMINADO “EJECUCIÓN DEL PLAN INTEGRAL DE SEÑALIZACIÓN TURÍSTICA DEL MUNICIPIO””

16.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202504/228

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 11/04/2025. DECRETO: “2ª PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO “SERVIZO DE MANTENIMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIAL DEPENDENTES DO CONCELLO DE RIBEIRA (A TRINIDADE-OLEIROS E A GUÍA-CARREIRA)””

17.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202504/234

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 11/04/2025. DECRETO: “2ª PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO “CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN DO VERÁN E NADAL CULTURAL NO CONCELLO DE RIBEIRA PARA DOUS ANOS (CORRESPONDENTES ÁS ANUALIDADES ORZAMENTARIAS 2022-2023-2024), PRORROGABLE POR DOUS PERÍODOS DE UN ANO CADA UN””

18.- VAO PERMANENTE – José Melchor González Santos

Visto o escrito presentado por **José Melchor González Santos**, de data 09/04/2025 (Rexistro de entrada nº 8.569), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmobile situado na Rúa Escorial, nº 1 (Ribeira) – Entrada ao garaxe pola Rúa Otero Pedrayo.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 11/04/2025 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a José Melchor González Santos**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,50 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmobile situado na Rúa Escorial, nº 1 (Ribeira) – Entrada ao garaxe pola Rúa Otero Pedrayo, según o sinalado no citado informe policial.



- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

19.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- M.A.S.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Bricio, de data 08/04/2025, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **M.A.S.**, mediante escrito de data 14/03/2025.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 01/04/2025, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a **M.A.S.** unha axuda económica consistente no pago dun importe de **139,04 €/mes** en concepto de gastos por débeda eléctrica.

20.- CONCESIÓN LICENZA PARA ARMAS TIPO CARABINA - Fernando Castilla Cabaleiro

VISTA a solicitude presentada por **D. Fernando Castilla Cabaleiro**, DNI 52493052Z, e domicilio en rúa Carlos Casares, 1 2 P01 D - Ribeira (A Coruña) para a obtención de licenza de "arma tipo carabina" das características que se relacionan a continuación.

CONSIDERANDO que o **Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas (RA)** define no seu artigo 2.2 as armas de aire ou outro gas comprimido como aquelas armas que utilizan como forza impulsora do proxectil a orixinada pola expansión dun gas comprimido.

CONSIDERANDO que conforme ao **artigo 3** as armas para as que solícitase licenza no presente expediente considéranse de **4ª categoría**, podéndose englobar nun dos supostos seguintes (concretamente no **2ª**):

« 1. Carabinas e pistolas, de tiro semiautomático e de repetición; e revólveres de dobre acción, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas.

2. Carabinas e pistolas, de ánima lisa ou rayada, e dun só tiro, e revólveres de acción simple, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas».

CONSIDERANDO que pola súa banda, o **artigo 54.3 RA** determina que:

«As armas da categoría 4.ª poderanse adquirir e ter no propio domicilio, sen outro trámite que a declaración da venda, a clase de armas e os datos de identidade do adquirente ao Alcalde do municipio da residencia deste e á Intervención de Armas da Garda Civil».

CONSIDERANDO que ademáis do anterior, o **105 RA** fala das tarxetas de armas. Concretamente



establece que:

«1. Para poder levar e usar as armas da categoría 4.ª fóra do domicilio haberán de estar documentadas singularmente, mediante tarxetas de armas, que as acompañarán en todo caso.

As tarxetas de armas serán concedidas e retiradas, no seu caso, polos Alcaldes dos municipios en que se atopen avecindados ou residindo os solicitantes, previa consideración da conduta e antecedentes dos mesmos.

O seu validez quedará limitada aos respectivos términos municipais.

2. As armas incluídas na **categoría 4.ª, 2**, pódense documentar en número ilimitado con **tarxeta B**, cuxa validez será permanente.

Das comprendidas na **categoría 4.ª, 1**, soamente poderanse documentar seis armas con **tarxetas A** cuxa validez será de cinco anos.

3. No entanto, a autoridade municipal poderá limitar ou reducir, tanto o número de armas que pode posuír cada interesado como o tempo de validez das tarxetas, tendo en conta as circunstancias locais e persoais que concorran.

4. Os solicitantes da tarxeta A deberán acreditar cumprir catorce anos de idade, a cuxo efecto haberán de presentar documento nacional de identidade ou documentos equivalentes en vigor.

5. A tarxeta de armas se expedirá en impreso, que confeccionará a Dirección Xeral da Garda Civil. En cada impreso poderanse apuntar ata seis armas. Cando se trate de tarxetas B e o número de armas exceda de seis, o interesado poderá ser titular de máis dunha tarxeta.

6. Do impreso destinarase un exemplar ao interesado; o segundo será remitido pola Alcaldía á Intervención de Armas.

ACREDITADO que no expediente consta, ademáis da tarxeta de identificación do interesado, certificado favorable de antecedentes penais de data 01 de abril de 2025, exame psicotécnico de data 08 de abril de 2025, así como factura da carabina para a que solicita licenza.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por delegación da Alcaldía, **ACORDA** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:-Conceder a **D. Fernando Castilla Cabaleiro**, licenza para a arma carabina, **tipo 4.1**, que se relaciona a continuación:

“Réplica arma lúdicodeportiva Trident MKII CRB-M MG EVO. Marca: KRYTAC. Calibre: 6 mm. Categoría 4.1 (Nº SERIE: 20A0088827)”

Segundo:-Notificalo presente acordo ó interesado para a súa constancia e efectos oportunos.

Terceiro:-Comunicar ó presente acordo á Policía Local, así como á Garda Civil, ós efectos previstos no **artigo 54.3 do Real Decreto 137/1993, de 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Armas.**



21.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Varela Rodríguez (ALOHA)

VISTO o escrito presentado por **Fernando Varela Rodríguez** en representación establecemento “Bar Aloha” (Ribeira), de data 14/04/2025 (Rexistro de entrada nº 8.969), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Aloha” (Ribeira), o día 19/04/2025, en horario de 22:00 h. a 24:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Fernando Varela Rodríguez, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Aloha” (Ribeira), os días 11 e 19/04/2025, en horario de 22:00 h. a 24:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Aloha” (Ribeira) (Fernando Varela Rodríguez), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o*



seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

22.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN OCUPACIÓN VÍA PÚBLICA PARA EVENTOS GASTRONÓMICOS EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – María Dolores Saiñas Cadabal (TABERNA ARGENTINO)

VISTOS os escritos presentados por **María Dolores Saiñas Cadabal** en representación establecemento “A Taberna do Argentino” (Carreira), de datas 07 e 14/04/2025 (Rexistros de entrada nº 8.348 e 8.980), nos que solicita permiso de ocupación de vía pública para eventos gastronómicos (Asado típico arxentino) no exterior do establecemento hostaleiro “A Taberna do Argentino” (Carreira), os días 19 e 26/04/2025, en horario de 07:00 h. a 20:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

PRIMEIRO.- Conceder autorización a María Dolores Saiñas Cadabal, para a celebración de eventos gastronómicos (Asado típico arxentino) no exterior **(PARTE TRASEIRA)** do



establecemento hostaleiro “A Taberna do Argentino” (Carreira), os días 19 e 26/04/2025, en horario de 07:00 h. a 20:00 h.

***Se lle autoriza á intalación dun CARTEL PUBLICITARIO no exterior do establecemento para a promoción dos citados eventos.**

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “A Taberna do Argentino” (Carreira) (**María Dolores Saíñas Cadabal**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Intendente da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das



mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

23.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN FESTA DA XUVENTUDE – Asociación Cultural e Deportiva Comisión Festas Amigos de Palmeira

Visto o escrito presentado por Tania Santos Ferras en representación da **Asociación Cultural e Deportiva Comisión Festas Amigos de Palmeira**, de data 14/04/2025 (registro de entrada nº 8.905), no que solicita autorización para a celebración da Festa da Xuventude de Palmeira o día 10/05/2025 no pinal situado na Praia da Corna (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, queda enteirada da solicitude de referencia non poñendo inconvenientes á súa celebración, sen prexuízo doutras autorizacións administrativas ou de calquera outro carácter.

- Asimesmo se acorda dar traslado desta resolución á Policía Local para o seu coñecemento



24.- APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO PARA AS ENTRADAS DO ESPECTÁCULO “MANUELA REY IS IN DA HOUSE”

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, relativa á aprobación de prezos públicos as entradas do espectáculo “Manuela Rey is in da house”, e na que expón:

“Con motivo da programación de abril, a Concellería de Cultura ten interese en programar o espectáculo “Manuel Rey is in da house” do Centro Dramático Galego en coprodución con Centro Dramático de Viana, Teatro Nacional de Sao Joao, Teatro Nacional D. María II, Teatro do Noroeste baixo a dirección e dramaturxia de Fran Núñez, para representarse o 30 de abril de 2025 no novo auditorio municipal ás 21:15 h.

Trátase dun espectáculo de grande envergadura, coa produción e implicación de cinco grande compañías, un elenco de primeiro nivel e a grande arquivo documental de Galicia e Portugal; unha posta en escena vangardista e innovadora. Recomendade para maiores de 16 anos e cunha duración de 80 minutos pretende poñer en valor e rescatar do esquecemento a figura de Manuela Rey, unha artista galega nacida en Mondoñedo que de nena foi entregada a unha compañía de teatro itinerante rematando en Portugal onde destacou na arte dramática como unha grande actriz que rompeu moldes, versada e con altos coñecementos culturais, literarios e artísticos, que tamén escribía quedando esquecida pola súa condición de muller. Manuela Rey, “a muller lirio”, é máis que unha liña no libro dos enterros do cemiterio dos Praceres, en Lisboa. É un misterio que comeza en Mondoñedo, nunha casa de aldea, en 1842, e remata no Teatro Nacional Dona María II, en Lisboa. De Mondoñedo a Lisboa. De Galicia a Portugal. 23 anos de vida. 23 anos de teatro. Como reconstruír unha vida onde só temos anacos soltos e contraditorios? Sabemos que despois de seis anos foi entregada a unha compañía teatral itinerante, que percorreu León, Palencia, Bragança, Valença, Ponte de Lima, Viana do Castelo, Régua, Porto para que o grupo familiar adoptivo chegase a Lisboa e triunfase no Teatro Nacional Dona María II e morrese como unha estrela aos 23 anos. Manuela Rey é a historia esquecida do teatro galego e portugués. Actriz. Escritora. Neste espectáculo tentamos recuperar o que quedou da súa memoria. Porque sen memoria non hai Historia.

A previsión de gasto estimado no caché deste espectáculo é de 4000,00 € (Ive engadido) e 804,00 € de asistencias técnicas e carga/descarga, cun custo total de 4804,00 €; cantidade para a cal se realizou a correspondente tramitación de aprobación do mesmo con cargo ao orzamento da área de cultura de 2025.

O aforo máximo do auditorio é de 477 persoas (473 butacas e 4 son espazos reservados para cadeiras de rodas – dous en patio de butacas e dous en balcón-). Dende a organización, continuando co mesmo esquema organizativo implantado xa dende a inauguración destas novas instalacións, decidiuse reservar para “protocolo e necesidades das compañías” un total de 30 butacas en distintas zonas, así como bloquear outras 6 por motivos técnicos (acceso a cadros eléctricos e conexións para equipamento) polo que o número máximo de butacas á venda será de 441.

O acceso do público a este espectáculo permitiranse dende media hora antes, procedendo ao peche de portas ás 21:15 h sen que derive ningún dereito ao espectador con entrada que quedase fóra; no caso da variación da hora do espectáculo, a entrada realizarase media hora antes do seu inicio.

Por todo isto, establécese a seguinte normativa de adquisición das entradas e acceso ao auditorio para este espectáculo:

- *O período de venda das anunciarase a través da web municipal e redes sociais do Concello unha vez coordinados os traballos previos de preparación da venda online con Ataquilla.*



- As entradas poderán adquirirse nos prazos que se anuncien no seu momento, a través da billeiteira de ataquilla.com e o pago realizarase nesa plataforma mediante tarxeta bancaria. Dende o Concello facilitarase e asistirse á veciñanza no acceso a esta plataforma de venda online, especialmente a aquelas persoas que polas súas dificultades específicas non poidan facelo de xeito autónomo, para o cal deberán dirixirse nos prazos indicados á Oficina de Atención Cidadá (OAC) do Concello de Ribeira, de luns a venres de 9:00h a 14:00h, sendo igualmente necesario o pago mediante tarxeta bancaria e a través da mesma plataforma de ABANCA.
- O prezo público para a entrada individual en patio xeral, neurodiverxencia, mobilidade reducida e cadeiras de rodas fíxase en **9,00€** (cantidade exenta de IVE de conformidade coa Lei 37/1992 de 28 de decembro do Imposto de Valor Engadido) e 4,95€ (exenta de IVE) para zona de visibilidade reducida, incrementadas ditas cantidades en 1,00 € para a primeira e en 0,50 € para a segunda, en concepto de comisión da entidade bancaria (comisión que aboará o comprador directamente á entidade bancaria), polo que o importe total para o público por entrada individual será de **10 € en patio xeral e 5,45 € en visibilidade reducida**.
- Toda persoa que vaia a asistir ao espectáculo deberá mercar entrada, independentemente da súa idade, por motivos de control de aforo e cumprimento da normativa.
- A imposibilidade do comprador de asistir ao espectáculo por causas alleas á organización e/ou o erro ao realizar a compra da entrada non serán motivos válidos para solicitar a devolución do importe. Unha vez adquirida a entrada, unicamente se devolverá o seu importe en caso de cancelación do evento e previo informe da área de cultura de dita circunstancia.
- A asignación das butacas poderase escoller por parte do espectador/a, no momento da adquisición da entrada, sobre plano e mentres haxa dispoñibilidade. No caso de localidades específicas para persoas con mobilidade reducida, discapacidades ou neurodiverxencias (situadas na fila 9), a adquisición nesta modalidade sen cumprir coa condición necesaria impedirá o acceso ao recinto. Para iso a organización poderá requirir, no momento do acceso ás instalacións, a documentación acreditativa de ditas circunstancias se o considera oportuno (certificado de discapacidade).
- A entrada dará dereito á reserva da butaca seleccionada, o acceso á sala do Auditorio e ao goce unicamente da representación teatral para a que foi expedida e perderá validez unha vez comezada a función e pechadas as portas do salón de actos non habendo lugar a reclamacións.
- Con obxecto de cumprir a normativa de evacuación, non se permitirá o acceso á sala de carriños de bebés, bicicletas, patinetes e similares. Estes deberán deixarse nos lugares habilitados no vestíbulo de entrada do auditorio. Permitirase o acceso con paraugas sempre e cando se enfunden cos correspondentes plásticos existentes na entrada do vestíbulo.
- Cada entrada levará asignado un número de butaca do salón de actos do auditorio, que será o que deba ocupar o/a espectador/a. Por causa de forza maior a organización poderá reasignar as butacas previo aviso á persoa interesada.
- As butacas cuxa reserva foxe vendida previamente por entrada e non sexa ocupada nalgunha función permanecerá baleira e non será cuberta por ningunha causa exceptuando motivos de organización ou necesidade protocolaria.

Relación ingreso/ gasto e xustificación:

Á vista do prezo indicado no punto anterior o ingreso máximo por prezo público sería de **3.782,70 €**, tendo en conta que se porán á disposición do público 465 butacas segundo o seguinte cálculo:

Nº máximo entradas/función	Prezo público /entrada (sen iva e sen comisión bancaria)	Ingreso máximo por venda de entradas
395	9 €	3.555,00 €
46	4.95 €	227,70 €



En canto aos gastos a asumir ascenderían a **4.804,00 €**, correspondentes aos seguintes conceptos:

- Caché do espectáculo (gasto aprobado 4000,00 €)
- Asistencia técnica para atender a realización do evento e servizo de carga, descarga e montaxe de escenografía, equipos, vestiario... (gasto aprobado 804,00 €)

Polo tanto o custo total derivado desta actuación pon de manifesto a existencia dun leve desequilibrio entre ingresos e gastos, se ben cómpre indicar o seguinte ao respecto:

- 1.- Este desequilibrio pode ser sufragado con cargo aos créditos orzamentarios do Departamento de Cultura.
- 2.- Débense ter en conta as evidentes razóns de interese público que sustentan a actividade cultural do Concello, e moi especialmente a programación teatral do auditorio, o que xustifica que este prezo público non se eleve ata importes que permitan financiar a totalidade do gasto; e acolléndose á posibilidade contemplada na ordenanza municipal C3 reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outra actividade de carácter deportivo e sociocultural no seu artigo 4.
- 3.- A posta en marcha deste prezo público ten entre os seus principais obxectivos o de acadar unha mellor xestión do fluxo de asistentes ás representacións, considerándose por elo convinte establecer os seus importes en contías que non teñan carácter disuasorio."

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polo Interventor, Pablo Bao Castro, e Tesoureiro, Félix Carrasco del Pozo, de data 15/04/2025.

Á vista de todo o exposto anteriormente, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Aprobar** o prezo público sinalado para as entradas do espectáculo "Manuela Rey is in da house", así como a normativa de adquisición das entradas a través da billeteira electronica de Ataquilla.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 13:50 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

